

BASES PARA A PROVISIÓN DE TRES POSTOS DE TRABAJO

PARA A EXECUCIÓN DOS ENCARGOS, COMO MEDIO PROPIO, PARA A XESTIÓN DE PROXECTOS DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA FINANCIADOS NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, MEDIANTE O FONDO EUROPEO DE RECUPERACIÓN NEXT GENERATION EU.

Primeira. - Obxecto da convocatoria.

É obxecto da presente convocatoria a selección de persoal para prestar servizos de carácter temporal en UNINOVA – Sociedade para a Promoción de Iniciativas Empresariais Innovadoras, M.P., S.L., para cubrir contratacións vinculadas á execución dos encargos do Concello de Santiago de Compostela a Uninova, como medio propio, para a xestión de proxectos do Concello de Santiago de Compostela financiados no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, mediante o Fondo Europeo de Recuperación Next Generation EU.

Estes proxectos serían, inicialmente, os que se indican a continuación, pero este listado podería verse ampliado en función da realización de novos encargos derivados de novas concesións ao Concello de Santiago:

- “Plataforma Logística de Distribución de Mercancías - ZBE_1”
- “Agenda Urbana Española”
- “Rehabilitación del patrimonio histórico - PAZO DE RAXOI”
- “Transformación digital y modernización de las Administraciones”
- “PIREP - PABELLÓN POLIDEPORTIVO DE VITE”
- “PIREP - COMPLEJO DEPORTIVO DE SANTA ISABEL”
- “Rehabilitación Contornas Residenciales (ERRP)”
- “Restauración del Ecosistema Fluvial del Banquete de Conxo”

Postos a cubrir, funcións xenéricas, xornada laboral e retribucións:
Segundo Convocatoria Específica do Posto, en adiante (CEP).

Temporalidade da relación laboral:

O contrato para realizar terá carácter TEMPORAL.

Segundo. - Requisitos comúns da persoa aspirante para cada posto.

As persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

1.- Nacionalidade. -

- a) De nacionalidade española.

- b)** Ser nacional dun Estado membro da Unión Europea ou dos restantes Estados parte do Espazo Económico Europeo.
- c)** Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, a persoa cónxuxe de españois e españolas, de nacionais de Estados membro da Unión Europea, sempre que non estean en situación de separación de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións poderán participar os seus descendentes e do seu cónxuxe, sempre que non estean en situación de separación de dereito, que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes.
- d)** Ser nacional dalgún Estado ao que, en virtude dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores e traballadoras.
- e)** Os e as estranxeiras que residan legalmente en España conforme coas normas legais vixentes.

2.- Idade. - Ter cumpridos dezaseis anos de idade e non exceder da idade ordinaria de xubilación establecida legalmente.

3.- Titulación. - Estar en posesión da titulación esixida ou en condicións de obtela no prazo de presentación de solicitudes. Nos casos de titulacións obtidas no estranxeiro, deberase estar en posesión da credencial que acredite a súa homologación. Este requisito non será de aplicación a quen aspire e que obtivese o recoñecemento da súa cualificación profesional, no ámbito das profesións reguladas, ao amparo das Disposicións de Dereito Comunitario, atendendo ao marco establecido polo Espazo Europeo de Educación Superior e contidas no Rexistro de Universidade, Central e Títulos (RUCT). Así mesmo, no caso de que alegase título equivalente deberá acreditarse a súa equivalencia.

4 .- Non estar separada a persoa, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial firme, para o acceso ao corpo ou escala de persoal funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que a persoa fose separada ou inhabilitada. No caso de ser persoa nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitada ou en situación equivalente, nin ser sometida a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

5.- Outros requisitos: Segundo a CEP.

Todos os requisitos esixidos nos apartados anteriores deberán cumprirse o último día de presentación de solicitudes e mantelos en todo momento, mesmo despois da súa contratación.

Terceira. – Publicidade da convocatoria e Presentación das Instancias.

3.1. Publicidade da convocatoria. A presente convocatoria e as súas bases, a descarga da solicitude de participación e os seus correspondentes anexos, os chamamentos ás probas,

así como as resolucións, anuncios ou actos da Comisión de Selección ata a finalización do proceso selectivo farase pública na páxina web institucional de UNINOVA www.uninova.org, na área de Transparencia.

O prazo de presentación da solicitude de participación será de 10 DÍAS NATURAIS, contados a partir do día seguinte ao de publicación na páxina web de UNINOVA.

Quen desexe participar neste proceso selectivo deberá solicitalo mediante instancia, segundo o modelo que figura como anexo II desta convocatoria, no prazo de DEZ (10) días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio desta convocatoria na páxina web de Uninova, incluíndo a referencia indicada na convocatoria específica. Cando o último día do prazo sexa inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte.

Deberá presentar a solicitude debidamente cumprimentada e asinada, acompañada de toda a documentación requirida nestas bases para a convocatoria específica do posto. As solicitudes serán presentadas na sede da Sociedade ou enviadas por correo certificado, en sobre aberto, á sede de Uninova, sita no Edificio CERSIA EMPRESA, Rúa do Alcalde Raimundo López Pol, 15707 Santiago de Compostela (A Coruña).

A presentación da instancia implica a aceptación das presentes bases por parte da persoa interesada. Calquera solicitude que non cumpra os requisitos, ou que cumpríndoos non se recibise dentro do prazo indicado, quedará anulada para os efectos da súa consideración no proceso de selección.

A solicitude deberá vir acompañada de toda a documentación requirida nestas bases, seguindo o procedemento que se indica a continuación :

- **Documentación a achegar:**
 - a) Anexo II desta convocatoria debidamente cumprimentado (modelo de instancia).
 - b) Documento nacional de identidade ou tarxeta de identificación de estranxeiría, acreditación da aplicación do réxime comunitario ou, no suposto de estranxeiras e estranxeiros extracomunitarios, tarxeta de residencia legal.
 - c) Acreditación da Titulación e dos outros requisitos previstos na CEP.
 - d) CV en formato europeo.

3.2 Relación Provisional de persoas aspirantes admitidas e excluídas.

Unha vez concluído o prazo de presentación de solicitudes, determinarase a admisión provisional de persoas aspirantes, mediante a súa publicación na páxina Web Uninova www.uninova.org

Na relación provisional de persoas aspirantes admitidas e excluídas, especificarase acusa de inadmisión, a fin de que poidan emendala, se fose susceptible diso. Esta publicación conterá as iniciais das persoas aspirantes, cos seus correspondentes D.N.I, N.I.E ou pasaporte. As persoas aspirantes excluídas, así como as omitidas, disporán dun prazo de

TRES **DÍAS HÁBILES**, contados a partir do seguinte á publicación da admisión provisional na páxina web da Sociedade, para emendar os defectos que motivasen a súa exclusión ou omisión da relación mencionada, sendo causa desta:

- Non presentar a solicitude cumprimentada en tempo e forma
- Non reunir todos os requisitos esixidos para o posto, establecidos nas presentes Bases.

As persoas aspirantes comprobarán se figuran na relación de admitidas e que os seus datos consten correctamente. Quen non emende a exclusión ou alegue a omisión no prazo outorgado, xustificando o seu dereito para ser incluída, será definitivamente excluída.

Coa publicación da citada resolución ou listaxe, considerarase efectuada a correspondente notificación ás persoas interesadas, coa advertencia de que, se non se emenda o defecto que motivase a súa exclusión ou omisión, archivarase a súa solicitude sen máis trámite e, no seu caso, non poderán realizar as probas do proceso de selección.

3.2 Relación Definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas.

Finalizado o prazo de corrección, a Comisión de Selección levantará unha acta coa listaxe definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas e designará o lugar, data e hora de celebración da proba do proceso de selección, debendo transcorrer un mínimo de 3 días hábiles desde a publicación da listaxe. Esta listaxe farase pública na páxina web de Uninova.

Cuarta. Comisión de Selección.

A Comisión de Selección estará constituída por 1 Presidencia e 2 Vogais, actuando un deles como Secretario. A comisión de selección designarase xunto coa publicación do listado de persoas admitidas ao procedemento.

Quinta. - Proceso Selectivo:

Comezo das fases: A data, hora e lugar en que haberá de celebrarse cada unha das fases deste proceso selectivo, así como as puntuacións que se outorgaron, farase pública na páxina web de UNINOVA.

Chamamentos: A non presentación dunha persoa aspirante no momento de ser chamada nas fases eliminatorias, determinará automaticamente o decaimento dos seus dereitos a participar no proceso selectivo, salvo nos casos debidamente xustificadas elibrementemente apreciados polo órgano de decisión.

A orde en que deberán actuar as persoas aspirantes naqueles exercicios que non se poidan realizar conxuntamente, iniciarase alfabeticamente, dando comezo pola persoa candidata cuxo primeiro apelido comece pola letra resultante do sorteo anual realizado pola Secretaría de Estado de Función Pública.

No caso de que non exista ningunha persoa aspirante cuxo primeiro apelido comece pola letra indicada, a orde de actuación iniciarase por aqueles cuxo primeiro apelido comece pola letra alfabeticamente seguinte, e así sucesivamente.

Identificación das persoas aspirantes: Identificaranse ao comezo do proceso de selección e poderá solicitárselles que se identifiquen debidamente, a cuxos efectos deberán asistir á proba provistos do Documento Nacional de Identidade en vigor, tarxeta de residente ou pasaporte. Quen non acredite a súa identidade, perderá o dereito para participar.

O sistema selectivo rexerese mediante unha proba de carácter obxectivo, na que se valorarán as capacidades técnicas, as competencias, a experiencia e os coñecementos das persoas candidatas acorde ao perfil do posto. A puntuación máxima que se poderá obter en todo o proceso será de 10 puntos, sempre e cando se tivesen superado a proba da 1.ª Fase, que é eliminatoria.

1.ª FASE. – Oposición (máximo 5 puntos)- Eliminatoria.

Desenvolvemento dun exame tipo test, acorde co posto de traballo a desenvolver, consistente en 25 preguntas (con 5 preguntas de reserva) e cunha duración de 60 minutos, baseado no temario que figura no Anexo I destas bases. Cada pregunta acertada terá un valor de 0,20 puntos e non haberá penalización por preguntas contestadas incorrectamente. A nota de corte será a media da puntuación obtida polas persoas candidatas.

A corrección do exercicio garantirá o anonimato das persoas participantes.

A puntuación máxima a obter nesta fase é de cinco **(5,00) puntos**, debendo superar a nota de corte para pasar á seguinte fase do proceso selectivo.

Este exercicio será eliminatorio.

2.ª FASE. – Entrevista e (máximo 5 puntos). – Acumulativa

Nesta fase valorarase a aptitude específica para o desempeño das funcións propias do posto, a través dunha entrevista baseada no temario que figura no anexo I desta convocatoria, dirixida a proporcionar información relativa aos coñecementos, aptitudes e actitudes idóneas da persoa candidata; así como o nivel das competencias vinculadas ao posto. No que respecta ás preguntas relacionadas co temario, realizaranse 3 en total. Garantírase o anonimato na corrección, sempre que sexa posible.

A puntuación máxima a obter nesta fase é de cinco **(5) puntos**, sen que a puntuación desta proba teña carácter eliminatorio, non obstante é obrigatoria a súa participación.

Sexta. - Resolución do proceso de selección e proposta da Comisión.

A Comisión de Selección confirmará o procedemento de selección realizado, resolvendo definitivamente sobre o mesmo, publicándoo na páxina web de UNINOVA.

O anuncio das cualificacións resultantes establecerá un prazo mínimo de tres días hábiles, a xuízo da Comisión, a contar desde o día seguinte ao da súa publicación, para solicitar a revisión das mesmas. A Comisión de Selección examinará as reclamacións e resolverá sobre estas, facendo públicas as resolucións pertinentes na web de UNINOVA.

En caso de empate, e para dirimir o mesmo, atenderase á puntuación obtida na 1.ª fase, e no caso de que subsista o empate, poderanse realizar exercicios de carácter práctico aos meros efectos de dirimir o empate, non implicando alteración algunha das puntuacións obtidas na cualificación final. Estes exercicios valoraranse entre 0 e 10 puntos.

Finalizado o proceso de selección, a Comisión fará pública a relación de persoas aspirantes aptas pola orde de puntuación total obtida.

Sétima. - Órgano de Resolución.

Desígnase como Órgano de Resolución, á Comisión de Selección, quen resolverá todas as cuestións que puidesen suscitarse durante o proceso selectivo e adoptará os acordos necesarios ata a resolución definitiva do mesmo.

Contra a convocatoria, as Normas das súas Bases e as resolucións da Comisión poderá interpoñerse Recurso ante o consello de administración de Uninova, no prazo dun mes a partir do día seguinte á publicación do anuncio. Contra a resolución definitiva poderase acudir aos Tribunais competentes.

Oitava.- Protección de Datos.

INFORMACION BASICA DE PROTECCION DE DATOS.

Responsable: O responsable do tratamento dos seus datos é:

SOCIEDADE PARA A PROMOCIÓN DE INICIATIVAS EMPRESARIAIS INNOVADORAS, M.P., S.L.
(UNINOVA). B-15.678.733

Finalidade: Os datos serán utilizados para a participación no proceso selectivo e o mantemento da relación entre as persoas candidatas e UNINOVA.

Lexitimación: Consentimento da persoa interesada e execución dun precontrato/ contrato.

Destinatarios: Realizaranse cesións de datos a terceiros a través da web para dar publicidade, concorrencia e transparencia ao proceso selectivo.

Dereitos: Poden exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión e oposición, portabilidade e limitación e demais dereitos recoñecidos no RGPD tal e como se detalla na información adicional.

Información Adicional: Pode consultar a información adicional e detallada sobre protección de datos na seguinte cláusula.

INFORMACION ADICIONAL DE PROTECCION DE DATOS.

Quen é o responsable do tratamento dos seus datos?

Informámoslle que os datos de carácter persoal facilitados serán incluídos nos ficheiros de SOCIEDADE PARA A PROMOCIÓN DE INICIATIVAS EMPRESARIAIS INNOVADORAS, M.P., S.L.

– B-15.678.733

Dirección: Edificio CERSIA EMPRESA, Rúa do Alcalde Raimundo López Pol, 15707 Santiago de Compostela

Teléfono: 981542494

Correo electrónico: info@uninova.org

Páxina web: www.uninova.org

Con que finalidade tratamos os seus datos persoais?

Os datos incluídos na solicitude de participación e na restante documentación achegada, así como aqueles outros necesarios para o desenvolvemento do proceso de selección (entre outros, resultados de entrevistas, probas, etc.) serán tratados por Uninova coa finalidade de realizar a selección dos candidatos e xestionar adecuadamente o procedemento selectivo, incluíndo a realización da proba detalladas nestas Normas, a publicación dos resultados das mesmas e as reclamacións que se produzan..

Por canto tempo conservaremos os seus datos?

Os seus datos manteranse activos nos nosos rexistros mentres sexan necesarios para a xestión do proceso de selección, incluíndo a atención de eventuais reclamacións nun prazo máximo de 6 meses.

Cal é a lexitimación para o tratamento dos seus datos?:

O tratamento dos seus datos por parte de UNINOVA está lexitimado a través do consentimento do interesado (artigo 6.1.a RGPD) prestado pola participación no proceso selectivo e na execución de medidas pre-contractuais e contractuais (Artigo 6.1.b RGPD).

A que destinatarios se comunicarán os seus datos?:

Co fin de respectar os principios de publicidade, concorrencia, transparencia, igualdade, mérito, capacidade, imparcialidade e profesionalidade durante o desenvolvemento do proceso de selección, se publicarán as listaxes, tanto provisionais como definitivas, das persoas aspirantes admitidas e excluídas con indicación da causa de exclusión, así como as listaxes cos resultados das sucesivas probas que se realicen con indicación dos resultados ou puntuacións obtidos por cada candidatura. Estas publicacións levaranse a efecto na páxina web www.uninova.org

Cales son os seus dereitos cando nos/nos facilita os seus datos?:

Pode exercer ante **SOCIEDADE PARA A PROMOCIÓN DE INICIATIVAS EMPRESARIAIS INNOVADORAS, M.P.,S.L. (UNINOVA)**

- a) **Acceder aos seus datos persoais:** obter confirmación sobre se se están tratando os seus datos e información e sobre o concreto tratamento.
- b) **Rectificalos** cando son inexactos ou incompletos.
- c) **Solicitar a supresión** ou cancelación dos seus datos cando, entre outros motivos deixasen de ser necesarios para os fins para os que foron recolleitos.
- d) **Opoñerse** en calquera momento a que os teus datos persoais sexan obxecto de tratamento..
- e) **Pedir a limitación do tratamento** dos seus datos cando se dean algunha das

condicións previstas na normativa.

f) Solicitar a portabilidade dos seus datos: dereito a recibir os datos que foron facilitados nun formato estruturado, de uso común e lectura mecánica, ou a que sexan transmitidos directamente a un terceiro nos supostos establecidos na normativa vixente.

g) Impedir ser obxecto de decisións automatizadas: dereito a non ser obxecto dunha decisión baseada unicamente no tratamento automatizado dos teus datos, incluída a elaboración de perfís, que produza efectos xurídicos ou que lle afecte significativamente de modo similar.

h) Retirar o consentimento outorgado, cando o tratamento se base no consentimento, sen que iso afecte á licitude do tratamento dos seus datos durante o período anterior a que se faga efectiva a revogación.

Pode exercer os seus dereitos mediante un escrito no que indique o dereito que desexa exercitare acompañado de documento acreditativo da súa identidade e dirección postal ou electrónica a efectos de notificación.

Esta solicitude pode realizala:

- Por medio de correo postal dirixido ao enderezo de UNINOVA.
- Presencialmente: presentando a súa solicitude asinada e por escrito nas nosas instalacións.
- Por correo-e na seguinte dirección: info@uninova.org

A SOCIEDADE PARA A PROMOCIÓN DE INICIATIVAS EMPRESARIAIS INNOVADORAS, M.P., S.L. contestará o exercicio de dereitos no prazo dun mes a contar a partir da recepción da solicitude, segundo normativa vixente en Protección de Datos. Este prazo poderá prorrogarse dous meses en caso necesario, tendo en conta a complexidade e o número de solicitudes. Informarémolle de calquera prórroga no prazo dun mes a partir de a recepción da solicitude indicando os motivos da dilación.

Así mesmo, sen prexuízo doutros recursos, ten dereito a reclamar ante a Autoridade de Control competente (Axencia Española de Protección de Datos) cando considere que a SOCIEDADE PARA A PROMOCIÓN DE INICIATIVAS EMPRESARIAIS INNOVADORAS, M.P., S.L. vulnerou os dereitos que a normativa de protección de datos recoñécete en www.aepd.es.

CONVOCATORIA ESPECÍFICA DO POSTO REF: P001/2023

Denominación do posto:	<p>Director/a de proxecto para a xestión integral e a prestación dos servizos necesarios para a execución dos encargos realizados polo Concello de Santiago de Compostela a Uninova, como medio propio, para a xestión de proxectos do Concello de Santiago de Compostela financiados no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, mediante o Fondo Europeo de Recuperación Next Generation EU.</p> <p>Estes proxectos serían, inicialmente, os que se indican a continuación, pero este listado podería verse ampliado en función da realización de novos encargos derivados de novas concesións ao Concello de Santiago:</p> <ul style="list-style-type: none"> • "Plataforma Logística de Distribución de Mercancías - ZBE_1" • "Agenda Urbana Española" • "Rehabilitación del patrimonio histórico - PAZO DE RAXOI" • "Transformación digital y modernización de las Administraciones" • "PIREP - PABELLÓN POLIDEPORTIVO DE VITE" • "PIREP - COMPLEJO DEPORTIVO DE SANTA ISABEL" • "Rehabilitación Contornas Residenciales (ERRP)" • "Restauración del Ecosistema Fluvial del Banquete de Conxo"
Referencia do posto:	P001/2023
Centro de traballo	Sociedade para a promoción de Iniciativas Empresariais Innovadoras M.P., S.L.(UNINOVA).
Encargo	<p>Encargos do Concello, como medio propio, para a xestión de proxectos do Concello de Santiago de Compostela financiados no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, mediante o Fondo Europeo de Recuperación Next Generation EU.</p> <p>Estes proxectos serían, inicialmente, os que se indican a continuación, pero este listado podería verse ampliado en función da realización de novos encargos derivados de novas concesións ao Concello de Santiago:</p> <ul style="list-style-type: none"> • "Plataforma Logística de Distribución de Mercancías - ZBE_1" • "Agenda Urbana Española" • "Rehabilitación del patrimonio histórico - PAZO DE RAXOI" • "Transformación digital y modernización de las Administraciones" • "PIREP - PABELLÓN POLIDEPORTIVO DE VITE" • "PIREP - COMPLEJO DEPORTIVO DE SANTA ISABEL" • "Rehabilitación Contornas Residenciales (ERRP)" • "Restauración del Ecosistema Fluvial del Banquete de Conxo"
Convenio Colectivo:	Oficinas e Despachos
Xornada Laboral:	Tempo completo
Categoría Laboral:	Director/a de proxecto

Retribución bruta mensual, incluídas pagas extras:	2.111,55 EUROS
Duración do contrato	Ata 21 de xuño de 2025
Data de inicio prevista	Desde febreiro de 2023
Titulación e Formación:	Grao ou título universitario equivalente [nivel 2 (Grad) de MECES, que se corresponde co nivel 6 do Marco Europeo de Cualificacións], ou ben grao ou título universitario equivalente con máster, con experiencia mínima de 5 anos na xestión, seguimento e avaliación de proxectos para a Administración Pública cofinanciados con fondos europeos
Requisitos valorables	<ul style="list-style-type: none"> • Grao ou título universitario equivalente [nivel 2 (Grad) de MECES, que se corresponde co nivel 6 do Marco Europeo de Cualificacións] • Máster • Experiencia de mais de 5 anos acreditable na dirección, xestión, seguimento e avaliación de proxectos para a Administración Pública cofinanciados con fondos europeos. • Coñecementos en contabilidade pública, xestión orzamentaria e procedementos de contratación administrativa, dinamización de grupos de traballo, elaboración de informes de resultados e presentación públicas. • Ter realizado nos últimos dez anos, polo menos, cinco servizos ou traballos de xestión de proxectos con contido en concesión de contratos públicos, viabilidade e/ou estruturación de proxectos de concesión de obras públicas, concesión de servizos ou similar, vencellados a infraestruturas públicas. • Coñecemento de idiomas (Galego, Portugués e Inglés)
Funcións	<p>Realización de todas as actividades propias dunha oficina técnica de xestión de proxectos financiados con fondos europeos. Entre as que destacan:</p> <p>Constitución e posta en marcha dun gabinete técnico de xestión integral dos proxectos que proceda segundo as bases da convocatoria.</p> <p>Actividades relativas á execución do proxecto.</p> <p>Difusión e sensibilización</p> <p>Asistencia para a recompilación e análise de datos.</p>
Coñecementos e habilidades	<ul style="list-style-type: none"> • Traballo en equipo e respecto á diversidade e a discrepancia • Proactividade • Habilidades comunicativas • Competencias dixitais e en redes sociais

PROCESO SELECTIVO

O prazo de presentación da solicitude de participación será de 10 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao de publicación na páxina web de UNINOVA.

1.ª FASE. - OPOSICIÓN (máximo 5 puntos):

Segundo o previsto nas normas xerais que haberán de rexer os procesos selectivos.

2.ª FASE. - ENTREVISTA (máximo 5 puntos).

Nesta fase poderá valorarse a aptitude específica da persoa aspirante para o desempeño das funcións propias do posto, a través dunha entrevista, no temario que figura no anexo I destas bases, dirixida a proporcionar información relativa aos coñecementos, actitudes e aptitudes idóneas da persoa candidata; así como o nivel de competencias vinculadas ao posto. As competencias a valorar versarán sobre os coñecementos e habilidades que figuran na presente convocatoria.

O comezo de cada unha das fases do proceso de selección, data, hora e lugar de celebración, faranse públicas a través da Web de UNINOVA., con polo menos 3 días hábiles de antelación, así como das puntuacións outorgadas pola Comisión de Selección.

CONVOCATORIA ESPECÍFICA DO POSTO REF: P002/2023

Denominación do posto:	<p>Técnica/o do proxecto para a xestión integral e a prestación dos servizos necesarios para a execución dos encargos realizados polo Concello de Santiago de Compostela a Uninova, como medio propio, para a xestión de proxectos do Concello de Santiago de Compostela financiados no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, mediante o Fondo Europeo de Recuperación Next Generation EU.</p> <p>Estes proxectos serían, inicialmente, os que se indican a continuación, pero este listado podería verse ampliado en función da realización de novos encargos derivados de novas concesións ao Concello de Santiago:</p> <ul style="list-style-type: none"> • "Plataforma Logística de Distribución de Mercancías - ZBE_1" • "Agenda Urbana Española" • "Rehabilitación del patrimonio histórico - PAZO DE RAXOI" • "Transformación digital y modernización de las Administraciones" • "PIREP - PABELLÓN POLIDEPORTIVO DE VITE" • "PIREP - COMPLEJO DEPORTIVO DE SANTA ISABEL" • "Rehabilitación Contornas Residenciales (ERRP)" • "Restauración del Ecosistema Fluvial del Banquete de Conxo"
Referencia do posto:	P002/2023
Centro de traballo	Sociedade para a promoción de Iniciativas Empresariais Innovadoras M.P., S.L.(UNINOVA).
Encargo:	<p>Encargos do Concello, como medio propio, para a xestión de proxectos do Concello de Santiago de Compostela financiados no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, mediante o Fondo Europeo de Recuperación Next Generation EU.</p> <p>Estes proxectos serían, inicialmente, os que se indican a continuación, pero este listado podería verse ampliado en función da realización de novos encargos derivados de novas concesións ao Concello de Santiago:</p> <ul style="list-style-type: none"> • "Plataforma Logística de Distribución de Mercancías - ZBE_1" • "Agenda Urbana Española" • "Rehabilitación del patrimonio histórico - PAZO DE RAXOI" • "Transformación digital y modernización de las Administraciones" • "PIREP - PABELLÓN POLIDEPORTIVO DE VITE" • "PIREP - COMPLEJO DEPORTIVO DE SANTA ISABEL" • "Rehabilitación Contornas Residenciales (ERRP)" • "Restauración del Ecosistema Fluvial del Banquete de Conxo"
Convenio Colectivo:	Oficinas e Despachos
Xornada Laboral:	Tempo completo
Categoría Laboral:	Técnica/o de proxecto

Retribución bruta mensual, incluídas pagas extras:	1.919,59 EUROS
Duración do contrato	Ata 21 de xuño de 2025
Data de inicio prevista	Desde febreiro de 2023
Titulación e Formación:	Grao ou título universitario equivalente [nivel 2 (Grad) de MECES, que se corresponde co nivel 6 do Marco Europeo de Cualificacións], ou ben grao ou título universitario equivalente con máster, con experiencia mínima de 5 anos na xestión, seguimento e avaliación de proxectos para a Administración Pública cofinanciados con fondos europeos
Requisitos valorables	<ul style="list-style-type: none"> • Grao ou título universitario equivalente [nivel 2 (Grad) de MECES, que se corresponde co nivel 6 do Marco Europeo de Cualificacións] • Máster. • Experiencia de mais de 5 anos acreditable na xestión, seguimento e avaliación de proxectos para a Administración Pública cofinanciados con fondos europeos. • Elaboración de informes de resultados e presentación públicas. • Experiencia en traballos de xestión de proxectos con contido en concesión de contratos públicos, viabilidade e/ou estruturación de proxectos de concesión de obras públicas, concesión de servizos ou similar, vencellados a infraestruturas públicas. • Experiencia en traballos de xestión de proxectos con contido en concesión de contratos públicos, viabilidade e/ou estruturación de proxectos de concesión de obras públicas, concesión de servizos ou similar, vencellados a infraestruturas públicas.
Funcións	<p>Realización de todas as actividades propias dunha oficina técnica de xestión de proxectos financiados con fondos europeos. Entre as que destacan:</p> <p>Constitución e posta en marcha dun gabinete técnico de xestión integral dos proxectos que proceda segundo as bases da convocatoria.</p> <p>Actividades relativas á execución do proxecto.</p> <p>Difusión e sensibilización</p> <p>Asistencia para a recompilación e análise de datos.</p>
Coñecementos e habilidades	<ul style="list-style-type: none"> • Traballo en equipo e respecto á diversidade e adiscrepancia • Proactividade • Habilidades comunicativas • Competencias dixitais e en redes sociais

PROCESO SELECTIVO

O prazo de presentación da solicitude de participación será de 10 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao de publicación na páxina web de UNINOVA

1.ª FASE. - OPOSICIÓN (máximo 5 puntos):

Segundo o previsto nas normas xerais que haberán de rexer os procesos selectivos.

2.ª FASE. - ENTREVISTA (máximo 5 puntos).

Nesta fase poderá valorarse a aptitude específica da persoa aspirante para o desempeño das funcións propias do posto, a través dunha entrevista, no temario que figura no anexo I destas bases, dirixida a proporcionar información relativa aos coñecementos, actitudes e aptitudes idóneas da persoa candidata; así como o nivel de competencias vinculadas ao posto. As competencias a valorar versarán sobre os coñecementos e habilidades que figuran na presente convocatoria.

O comezo de cada unha das fases do proceso de selección, data, hora e lugar de celebración, faranse públicas a través da Web de UNINOVA., con polo menos 3 días hábiles de antelación, así como das puntuacións outorgadas pola Comisión de Selección.

CONVOCATORIA ESPECÍFICA DO POSTO REF: P003/2023

Denominación do posto:	<p>Administrativa/o do proxecto para a xestión integral e a prestación dos servizos necesarios para a execución dos encargos realizados polo Concello de Santiago de Compostela a Uninova, como medio propio, para a xestión de proxectos do Concello de Santiago de Compostela financiados no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, mediante o Fondo Europeo de Recuperación Next Generation EU.</p> <p>Estes proxectos serían, inicialmente, os que se indican a continuación, pero este listado podería verse ampliado en función da realización de novos encargos derivados de novas concesións ao Concello de Santiago:</p> <ul style="list-style-type: none"> • "Plataforma Logística de Distribución de Mercancías - ZBE_1" • "Agenda Urbana Española" • "Rehabilitación del patrimonio histórico - PAZO DE RAXOI" • "Transformación digital y modernización de las Administraciones" • "PIREP - PABELLÓN POLIDEPORTIVO DE VITE" • "PIREP - COMPLEJO DEPORTIVO DE SANTA ISABEL" • "Rehabilitación Contornas Residenciales (ERRP)" • "Restauración del Ecosistema Fluvial del Banquete de Conxo"
Referencia do posto:	P003/2023
Centro de traballo	Sociedade para a promoción de Iniciativas Empresariais Innovadoras M.P., S.L.(UNINOVA).
Encargo:	<p>Encargos do Concello, como medio propio, para a xestión de proxectos do Concello de Santiago de Compostela financiados no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, mediante o Fondo Europeo de Recuperación Next Generation EU.</p> <p>Estes proxectos serían, inicialmente, os que se indican a continuación, pero este listado podería verse ampliado en función da realización de novos encargos derivados de novas concesións ao Concello de Santiago:</p> <ul style="list-style-type: none"> • "Plataforma Logística de Distribución de Mercancías - ZBE_1" • "Agenda Urbana Española" • "Rehabilitación del patrimonio histórico - PAZO DE RAXOI" • "Transformación digital y modernización de las Administraciones" • "PIREP - PABELLÓN POLIDEPORTIVO DE VITE" • "PIREP - COMPLEJO DEPORTIVO DE SANTA ISABEL" • "Rehabilitación Contornas Residenciales (ERRP)" • "Restauración del Ecosistema Fluvial del Banquete de Conxo"
Convenio Colectivo:	Oficinas e Despachos
Xornada Laboral:	Tempo completo
Categoría Laboral:	Administrativa/o de proxecto

Retribución bruta mensual, incluídas pagas extras:	1.444,71 EUROS
Duración do contrato	Ata 21 de xuño de 2025
Data de inicio prevista	Desde febreiro de 2023
Titulación e Formación:	Titulación de Bacharelato ou Formación Profesional de grao medio ou superior vinculado á Administración
Requisitos valorables	<ul style="list-style-type: none">• Titulación de Bacharelato ou Formación Profesional de grao medio ou superior vinculado á Administración• Experiencia mínima de 1 ano na xestión, seguimento e avaliación de proxectos para a Administración Pública cofinanciados con fondos europeos.• Elaboración de informes.
Funcións	Realización de todas as actividades propias dunha oficina técnica de xestión de proxectos financiados con fondos europeos. Entre as que destacan: Constitución e posta en marcha dun gabinete técnico de xestión integral dos proxectos que proceda segundo as bases da convocatoria Actividades relativas á execución do proxecto. Difusión e sensibilización Asistencia para a recompilación e análise de datos.
Coñecementos e habilidades	<ul style="list-style-type: none">• Traballo en equipo e respecto á diversidade e a discrepancia• Proactividade• Habilidades comunicativas• Competencias dixitais e en redes sociais

PROCESO SELECTIVO

O prazo de presentación da solicitude de participación será de 10 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao de publicación na páxina web de UNINOVA.

1.ª FASE. - OPOSICIÓN (máximo 5 puntos):

Segundo o previsto nas normas xerais que haberán de rexer os procesos selectivos.

2.ª FASE. - ENTREVISTA (máximo 5 puntos).

Nesta fase poderá valorarse a aptitude específica da persoa aspirante para o desempeño das funcións propias do posto, a través dunha entrevista, no temario que figura no anexo I destas bases, dirixida a proporcionar información relativa aos coñecementos, actitudes e aptitudes idóneas da persoa candidata; así como o nivel de competencias vinculadas ao posto. As competencias a valorar versarán sobre os coñecementos e habilidades que figuran na presente convocatoria.

O comezo de cada unha das fases do proceso de selección, data, hora e lugar de celebración, faranse públicas a través da Web de UNINOVA., con polo menos 3 días hábiles de antelación, así como das puntuacións outorgadas pola Comisión de Selección.

SOLICITUDE PARA PARTICIPAR NO CONCURSO OPOSICIÓN Nº 1/2023 DE CONTRATACIÓN DE PERSOAL MEDIANTE CONTRATO EN RÉXIME TEMPORAL

ANEXO I- TEMARIO

1. Plataforma loxística de distribución de mercadorías no centro histórico de Santiago de Compostela. Descrición xeral e das actuacións, madurez, impacto, calidade e relevancia.
2. Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, estratexia española para canalizar os fondos destinados por Europa a reparar os danos provocados pola crise do COVID-19 e, a través de reformas e inversións, construír un futuro máis sostible.
3. Plan de recuperación de Europa: Next Generation EU. Descrición e obxectivos. Estrutura e orzamento.
4. A Axenda Urbana Española. Concepto, indicadores de seguimento e avaliación.
5. Implantación da Axenda Urbana Española: Plans de Acción.

6. Contratación administrativa. A Lei de Contratos do Sector Público: Tipos de contratos. Contratos administrativos típicos: obras, concesión de obra pública, xestión de servizos públicos, contrato de subministración, consultoría e asistencia e servizos. A selección do contratista. Actuacións previas á contratación. Procedemento e forma de contratación. Formalización do contrato. Contratos menores. O réxime de contratación dos poderes adxudicadores non administracións públicas (PANAPs).
7. A Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno: conceptos xerais e ámbito de aplicación. Transparencia e Bo Goberno no ámbito local. O portal de transparencia e función pública.
8. A protección de datos persoais como dereito fundamental. Principios e conceptos básicos. Dereitos do cidadán. Obrigas das Administracións Públicas. Cesións e comunicacións de datos persoais. Axencia Española de Protección de Datos.
9. Administración electrónica, atención ao cidadán e novas tecnoloxías. DNI electrónico. Correo electrónico. Identidade e sinatura electrónica. Ofimática: concepto e aplicacións. Servizos telemáticos. Oficinas Integradas de Atención ao Cidadán.
10. Decreto Legislativo 2/2015, de 12 de febreiro que aprobou o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade. Disposicións xerais. Integración da perspectiva de xénero. Violencia de xénero.
11. Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais. Obxecto e ámbito de aplicación. Principios básicos. Política de riscos laborais. Dereitos e obrigas. Servizos de prevención.

SOLICITUDE PARA PARTICIPAR NO PROCESO DE SELECCIÓN
Nº 1/2023 DE CONTRATACIÓN DE PERSOAL
MEDIANTE CONTRATO EN RÉXIME TEMPORAL

ANEXO II – MODELO DE INSTANCIA

INDICAR REFERENCIA DA PRAZA

--

DATOS PERSOAIS

Nome:	Apelidos:
DNI:	

DOMICILIO

Rúa, número, planta, porta:	C.P:
Municipio, Provincia:	Teléfono:

CORREO ELECTRÓNICO

Correo electrónico:

Solicita participar no proceso selectivo da praza con referencia P001/2023 e declara que acepta as bases da convocatoria e garante a veracidade dos méritos alegados e documentos presentados.	
Relación de documentación presentada pola persoa aspirante: <input type="checkbox"/> Fotocopia do DNI <input type="checkbox"/> Fotocopia da titulación e dos outros requisitos previstos na CEP: (relacionar) <input type="checkbox"/> CV en formato europeo <input type="checkbox"/> Outra documentación: (relacionar)	

Santiago a ____ de _____ de 2023

Sinatura

SRA. CONSELLEIRA DELEGADA DE UNINOVA